<ul style="list-style-type: none"> - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Métodos de investigación do ámbito da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de 3º de ESO debe ser aberta e variada. Por iso os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo, para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento, e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas. Vendo como a programación debe ter un certo desenvolvemento flexible para poder facela máis sinxela para o alumnado. Para iso temos que incidir na contextualización histórica e xeográfica dende un enfoque multicausal e dende unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ó esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.

Seguindo a idea de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas

que poñan ó alumnado no reto de resolver as tarefas, dirixida a que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como a realización de toda unha serie de traballos, que poden estar organizados por proxectos. Para iso imos realizar actividades co obxectivo de crear materiais para a súa exposición por medio da aula virtual, páxinas do centro ou blogs. Tamén pode aplicarse en certos momentos procedementos típicos da clase invertida, orientada a aprendizaxe baseada no xogo ou baseada na resolución de problemas. Todos eles deben propiciar que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias, e valoren os progresos e non só os resultados académicos.

Deste xeito intentárase diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, para de romper coa rutina e axudar a que o docente teña unha maior perspectiva do coñecemento do alumnado nas diferentes facetas. Para así poder detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

As actividades vanse presentar como un método para consolidar os coñecementos previos, e intentaran ser o máis variadas posible. Estas centraranse na investigación sobre feitos históricos ou de personaxes; a investigacións sobre temas propostos polo currículo; a elaboración de crónicas xornalísticas da época ou dende unha visión retrospectiva; a redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; ou a realización de exposicións orais ou debates; etc. En todas estas actividades vaise incentivar a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado, facendo que se sinta parte activa do proceso de ensino-aprendizaxe.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo, xa que a aprendizaxe entre iguais adoitan ser moi efectivas. Vanse propoñer tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior integración do grupo. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado fara emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, para que adquiren autonomía e aprendan por si mesmos. Todo isto ten como obxectivo permitir reforzar a autonomía, potencia a capacidade de reflexión e a responsabilidade do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de Texto.
Apuntamentos do docente.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Aula Virtual.
Fichas fotocopiáveis
Material audiovisual
Xogos históricos e xeográficos
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Material funxible
Prensa, Cine ou documentais
Materiais informáticos.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é importante de apoio para o profesorado e para o alumnado, xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso, e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Servindo como un salvavidas para o alumnado cando esta preparando a materia na súa casa. Non obstante, débese ter en conta que non debe condicionar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Cambiando elementos do libro por outros materiais complementarios ou reorganizando os seus contidos. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo docente, que se acomode ás súas necesidades ou á do alumnado.

Así mesmo, o/a profesor/a pode dispor do seu propio Aula Virtual ou blog didáctico para programar traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que enriquezan a didáctica. Este presentase como un complemento que está orientado principalmente a a consolidación dos contidos impartidos en clase ou a súa aplicación. Neste caso Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis e perfectamente adaptábeis aos contidos que se están a impartir. Polo tanto é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc. Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias, pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ó alumnado a necesidade do seu uso responsable. Ademais de potenciar a competencia dixital.

O alumnado terá un caderno ou cartafol de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión. Servindo de base para a realización da consolidación da competencia lingüística e científica.

As novelas ou o cine que tratan algún dos aspectos do currículo de 3º de ESO adoitan ser un material atractivo para afondar e consolidar os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal. Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar. Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os posters ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique e desenvolva a construción dos coñecementos. Co fin de que desenvolva as súas destrezas básicas.

No curso de 3º de ESO abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade da aprendizaxe. En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só as metodoloxías, senón tamén a aprendizaxe individual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó comezo de curso realízase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos históricoxeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais. Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realízase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantearlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas. Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que ser valoradas numéricamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	9	9	9	9	9	9	8	9
Proba escrita	80	65	100	56	90	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	35	0	44	10	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	5	100
Proba escrita	90	70	80
Táboa de indicadores	10	30	20

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación que se van empregar para un proceso de ensinanza-aprendizaxe presencial quedan do seguinte xeito:

- 80% para as probas de avaliación escritas.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 0 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo:

- preguntas a de desenvolver, preguntas curtas ou tipo test.
- preguntas de relacionar ou definir conceptos ou termos.
- preguntas de identificar e comentar imaxes, gráficos, obras de arte ou textos.
- Realización de mapas físicos ou políticos.
- Etc.

Cada proba escrita puntuaranse nunha escala de 0 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas mencionadas máis arriba. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima; pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación valorado en 10 puntos, pero se hai disposición de tempo poderanse facer as que se consideran oportunas polos docentes. No caso de haber máis dunha proba farase media aritmética entre elas.

- 20% para o traballo de avaliación continua que se avaliarán cunha táboa de indicadores, que se distribúe do seguinte modo:

- Realización de traballos individuais ou por parellas.
- Realización de tarefas na aula.
- Realización de tarefas a través da aula virtual.
- Portfolio.

O traballo de avaliación vaise avaliar segundo unha serie de táboas de indicadores (rúbricas, listas de cotexo), que comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado. Estas serán aplicadas os traballos escritos, os informes e redaccións, presentacións en ordenador, cadernos e cartafol, resumos ou esquemas,

pósters, exposicións orais, podcast, videopresentacións, etc.

Consideracións para o establecemento da cualificacións finais.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= $[(\text{Media Probas Escritas.} \times 80) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 20)] / 100$.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 0.75 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= $[(\text{Nota 1ª aval.} \times 40) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 30) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 30)] / 100$.

Se o resultado final non chega a unha nota igual ou superior a 5 puntos o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba de recuperación en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun proba escrita na que se examinarán unha selección de todos os contidos e os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas.

Para considerar que o alumno supera esta proba deberá ter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos (nunha escala de 0-10), e polo tanto vaise considerar a materia aprobada. Para iso a nota de referencia na Avaliación Final será a desta proba, sempre e cando a nota sexa igual ou superior a 5 puntos; senón será a nota establecida polas notas das avaliación ó longo do curso. En canto ao redondeo, aplicaráselle o mesmo que estaba establecido para as avaliacións, a nota de redondeo será aplicaba cando o decimal sexa superior a 0.75 décimas.

Para establecer a cualificación final no boletín de notas, farase a media coa nota exacta que se obtivera na avaliación, rexistrada no caderno do profesor/profesora e independentemente de cal sexa a nota que apareza no boletín.

Outras consideracións:

O alumnado que non se presente a una proba avaliable tendo un xustificante oficial terá dereito a facer una nova proba; esta realizarase nos dous días seguintes á súa volta.

No caso de que alguén do alumnado tivera algún problema debidamente xustificado polo cal non se pode presentar ao segundo dos exames dunha avaliación, a cualificación establécese coas notas obtidas ata o momento. Porén na semana seguinte á súa volta deberá examinarse dos contidos pendentes, e a nota obtida fará media coas notas da seguinte avaliación.

No que se refire especificamente ao aspecto lingüístico establécese que cada catro faltas ortográfica, morfosintáctica ou léxica descontarán 0,10 puntos na cualificación final dos exercicios ou exames.

As normas nas probas escritas serán as seguintes:

- Sobre a mesa unicamente se pode ter o necesario para facer a proba escrita (bolígrafo azul ou negro como cores para escribir).

- Non se pode empregar ningún tipo de corrector.

- Durante a proba escrita non se pode usar ningún elemento dixital (móviles, pulseira, reloxos intelixentes, etc).

A posesión deses elementos pode motivar a retirada da proba escrita e terá como consecuencia unha nota de 0 puntos na proba.

- Cando un alumno/a sexa visto copiando requisaráselle a proba escrita, e deberá repetilo na avaliación de recuperación final de xuño, perdendo o dereito a aprobar a avaliación correspondente. No caso de que se colla a alguén copiando durante o exame de recuperación final de xuño, considerarase suspenso e recibirá unha cualificación de 0 puntos.

- O alumnado deberá ser moi escrupuloso coa puntualidade, xa que o seu incumprimento considerarase unha falta leve.

- Nas probas escritas de avaliación é obrigatorio comezar a escribir na folla que entregan o profesor ou profesora na que figuran os documentos presentados.

- A asistencia ás probas ten carácter obrigatorio e a non asistencia comporta un 0 na nota da proba. Para poder xustificar debe presentarse unha documentación oficial e iso poderá xustificar a repetición da proba cando o persoal docente responsable así o determine.

Traballos.

No caso dos traballos, composicións, liñas do tempo ou outros formatos, deben ser entregados seguindo unha serie de criterios:

- Deben ser entregados dentro dos prazos establecidos. No caso de ser entregados con posterioridade: consideraranse como non entregados e terán unha nota de 0 puntos.

- Actividades que presenten mostras de ser copiadas ou plaxiadas de compañeiros/as ou calquera outra fonte serán considerados como non válidos, e terán unha nota de 0 puntos.

- As actividades deben seguir os criterios establecidos polo/a docente, ter unha letra lexible e estar identificadas correctamente. No caso de que non sigan estes criterios non serán corrixidas, e terán unha nota de 0 puntos.

- Empregaranse, como apoio ás correccións e o seguimento das actividades, diferentes rúbricas e rexistros para os exames, traballos, proxectos ou actividades.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non aprobe unha das avaliacións, neste caso que non chegue o 5 nunha das avaliacións, terá un plan de recuperación que consistirá: na elaboración dunhas fichas de reforzo sobre os temas traballados nas UD da avaliación e unha proba escrita sobre contidos da avaliación. Ambas cousas, as fichas e o proba escrita, será valorada de 0 a 10. Esta terá lugar despois da avaliación, salvo na terceira avaliación, que se faría antes de finalizar a 3ª avaliación por necesidades de tempo.

O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 80% das probas escritas e o 20% dos traballos e será o resultado de:

Nota recuperación da avaliación non superada= [(Nota Proba Escrita x 80) + (Media rúbricas T.I. x 20)] /100.

A avaliación considerarase aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Esta será a nota a ter en conta na avaliación final.

No caso de que un alumno/a non supere a materia despois do cálculo da nota final poderá someterse a outra proba de recuperación ou proba escrita en xuño, consistente na realización dunha proba por escrito dunha selección dos contidos do curso, e que será puntuada nunha escala de 0 a 10. Esta proba escrita permitiralle superar a materia se o/a alumno/a acadada unha nota igual ou superior a 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre o material que se lle proporcionou xunto co cartafol. O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

60% da nota acadada no exame escrito sobre o material que se lle entregou e que tivo que preparar.

40% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

Nota trimestral da materia pendente= (Nota Ex.*0,6 + Nota Cartafol de traballo*0,4) /2.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota 1a Av. + Nota 2a Av.+ Nota 3a Av.) / 3.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado, para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación. Para iso terase en conta unha avaliación inicial, que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.

2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
 3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
 4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
 5. Actividades de reforzo e consolidación.
 6. Aprendizaxe por Proxectos.
 7. Traballo colaborativo.
 8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
 9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
 10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- Contéplase tamén un Plan Específico personalizado para o alumnado de ESO, que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluirá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información ás familias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social.		X	X					
ET.2 - Educación ambiental.	X	X		X		X	X	X
ET.3 - Educación para a Igualdade.								
ET.4 - Emprendemento.					X	X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X	X	X	X			
ET.7 - Educación para Paz.					X			
ET.8 - Educación para consumidor.					X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social.		X		X
ET.2 - Educación ambiental.				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.				
ET.7 - Educación para Paz.	X	X	X	
ET.8 - Educación para consumidor.				

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos.	Visita a museos sobre a Historia de Galicia e España.	X		
Excursións de interese didáctico Roteiros didácticos	Viaxe a paisaxe natural de Galicia, coa explicación dun guía.	X		
Asistencia a Charlas.	Explicación sobre a realidade económica da comarca.		X	
Proxección de pequenos documentais ou películas	Escoller certos documentais ou películas que axuden a explicación da materia.	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fora do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas de forma axeitada, buscando que sexan o máis motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado debera coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia.
Avalía e xulga en función dos criterios da programación.
Ofrece oportunidades de recuperación.
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada.
Metodoloxía empregada
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Realiza actividades innovadoras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica leccións, ensina e avalía.
Explica con claridade, é ordenado nas explicacións e resolve dúbidas.
Medidas de atención á diversidade
Realizouse a avaliación inicial.
Os criterios de cualificación foron axustados as necesidades do alumnado.

Clima de traballo na aula
Motiva ao alumnado.
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informase axeitadamente ás familias sobre a evolución do alumnado.
Outros
Cumpriu co horario de clase.

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía. Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc... Todo isto coa finalidade de ir axustando, e incluso modificando cando sexa preciso, aqueles aspectos didácticos que se crea convenientes para que dita programación resulte máis real, axeitada e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida ós contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade do alumnado, etc.).

De todo isto elaborárase un informe detallado nas actas do departamento na avaliación seguinte. Para avaliar o proceso de ensino deben empregarse os indicadores de logro establecidos na programación, e comprobárase o seu grao de cumprimento.

Finalmente, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade. Intentando deste xeito ir mellorando ano a ano, e intentando axustarse ás necesidades do alumnado.

9. Outros apartados